



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

## O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo lanza 'Onda FIOT', un novo espazo web que aúna as iniciativas sonoras promovidas polo certame

O público poderá escoitar desde [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal) as últimas obras gañadoras do Concurso Escolar de Teatro Lido, que mantén aberto o prazo de inscrición até o 8 de outubro; as creacións do FIOT Fónico ou mesmo a nova 'Escola do Espectador nas Ondas'

**Carballo, 22 de setembro de 2022.**- O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo ultima detalles da súa nova edición, que se celebrará do 30 de setembro ao 31 de outubro. Baixo o lema **#VocesFIOT**, o festival reivindicará este ano as voces singulares de artistas e compañías cunha marcada identidade e personalidade propia. Unha programación ampla, ambiciosa e que se vertebrará coa vontade de chegar a todos os públicos. E, neste sentido, o propio FIOT expándese alén do teatro e segue a incorporar, como en cada edición, novas actividades paralelas.

Como parte deste medrar, o FIOT presentará un novo formato que recolle vellas inxerencias: **Onda FIOT, un espazo web que fai accesibles as iniciativas de teatro sonoro promovidas polo festival ao longo destes últimos anos**, e que estará dispoñible nas vindeiras semanas a través da páxina oficial [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal) Así, o público poderá escoitar, por fin e desde calquera dispositivo, as últimas obras gañadoras do Certame do Teatro Lido; as ficcións sonoras do FIOT Fónico -'A lúa, válvula de spray' e 'O espello que arde'- ou mesmo a Escola do Espectador, iniciativa pioneira no seu día en Galicia e que este ano dará un paso máis na súa traxectoria. Coa volta da presencialidade, volveranse celebrar espazos de diálogo e reflexión arredor das dramaturxias para xerar, á vez, unha nova ferramenta crítica e contemporánea: **A Escola do Espectador nas Ondas**, que se gravará ao vivo en Carballo, en formato podcast, durante as fins de semana de outubro da man de voces especializadas en artes escénicas. Estes capítulos ou novos arquivos sonoros estarán dispoñibles tanto na web do festival como noutras plataformas dixitais.

Tal e como lembra a dirección do FIOT, a incorporación das novas tecnoloxías no mundo das artes abriu novos campos para achegar o feito artístico ao público. Se ben o festival conta desde hai 21 anos cunha liña específica de programación vinculada ao teatro sonoro -o **Concurso Escolar de Teatro Lido 'Xosé Manuel Eirís'**-, nos últimos anos impulsou propostas singulares no panorama escénico galego. É o caso do **FIOT Fónico**, e que permitiu ao público, en plena pandemia, gozar gratuitamente de obras de teatro de autoras da Costa da Morte a través do teléfono móbil e tiñan, como escenografía, as rúas Carballo.

Nesta vontade de sumar novas iniciativas e públicos ao seu extenso programa, e que medren xunto ao festival dun xeito firme e sostido, este ano o FIOT abre esta nova xanela a través da súa propia páxina web, á fin de ter, neste Onda FIOT, un espazo de referencia para que estas creacións estean dispoñibles, dun xeito estable, ao longo de todo o ano.



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

### **Aberta a inscrición para o XXI Concurso de Teatro Lido**

O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo mantén aberta estes días, precisamente, a inscrición para participar na nova edición do Concurso Escolar de Teatro Lido 'Xosé Manuel Eiris', **o certame dirixido ao alumnado dos centros educativos e asociacións da comarca de Bergantiños** que pretende favorecer o coñecemento das artes escénicas entre a rapazada así como a súa iniciación á interpretación dramática. Organizados en grupos de entre 2 e 8 menores, cada colectivo interpretará un fragmento dun texto teatral -de temática libre e para todos os públicos-, que gravarán, cos recursos sonoros que consideren axeitados, nun vídeo de entre 2 e 5 minutos.

O prazo da solicitude de inscrición no Concurso estará aberto até o 8 de outubro a través do correo electrónico [fiot.teatro.lido@gmail.com](mailto:fiot.teatro.lido@gmail.com) e o límite para a presentación dos arquivos de vídeo será o 18 de outubro a través da mesma dirección de correo. Entre todas as propostas presentadas, un xurado seleccionará unha ducia das mesmas para gravar, nun estudio profesional de radio - Radio Voz Bergantiños-, as ficcións. Entre todas elas sairán as finalistas do Concurso, cuxa gala final terá lugar o 13 de novembro no Pazo da Cultura de Carballo. Os premios consistirán en libros e material didáctico ofrecido pola Librería Brañas. Para máis información sobre o certame, pódese visitar o web oficial [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal).

### **Convocatoria de voluntariado**

Por outra banda, o FIOT celebrará esta tarde no Salón de Actos do Pazo da Cultura (contra ás 20.00 horas) a primeira xuntanza do grupo de voluntariado do festival, unha iniciativa aberta a todas aquelas persoas interesadas na escena e por coñecer o teatro desde dentro. Para participar será necesario confirmar asistencia a través do teléfono 981704300 ou no correo [fiot@fiot.gal](mailto:fiot@fiot.gal).

### **Contacto de prensa**

Luisa Castiñeira - 620 113 155

Lucía Pita - 675 404 321

[comunicacion@fiot.gal](mailto:comunicacion@fiot.gal)

[www.fiot.gal/prensa](http://www.fiot.gal/prensa)